

prensa@xornalgalicia.com

De: "Comunicación da Xunta de Galicia" <comunicacion@xunta.gal>
Fecha: jueves, 26 de marzo de 2020 13:52
Adjuntar: 260320Feijoo-DeputacionPermanenteCOVID-19.doc
Asunto: FEIJÓ ANUNCIA A INCORPORACIÓN DE ATA 358 PROFESIONAIS SANITARIOS QUE SE SUMAN AOS MÁIS DE 39.000 QUE TEN O SERGAS E NOVAS MEDIDAS ECONÓMICAS PARA DOTAR DE LIQUIDEZ Á COMUNIDADE

O presidente da Xunta interveu na Deputación Permanente para dar conta da situación xerada pola pandemia do coronavirus e a resposta que está a dar a Comunidade para anticipar, conter e paliar os seus efectos

FEIJÓ ANUNCIA A INCORPORACIÓN DE ATA 358 PROFESIONAIS SANITARIOS QUE SE SUMAN AOS MÁIS DE 39.000 QUE TEN O SERGAS E NOVAS MEDIDAS ECONÓMICAS PARA DOTAR DE LIQUIDEZ Á COMUNIDADE

- *Avanza tamén un reforzo en material con novas contratacións para adquirir máis mascarillas cirúrxicas, máis máscaras respiratorias, máis batas de alta protección, máis botellas de solución desinfectante “e todos os test que se poidan conseguir”*
- *Destaca a activación dun plan específico para dotar de liquidez á tesourería da Comunidade, co fin de compensar o descenso da recadación motivado pola suspensión dos prazos, e axilizar os pagamentos de facturas a todos os provedores*
- *“E faremos fincapé nun colectivo que nos preocupa especialmente e que debe ser clave para a recuperación, como o son os autónomos”, di*
- *Traslada o pesar aos familiares e amigos que perderon aos seus seres queridos; así como o ánimo a todas as persoas que están a sufrir esta enfermidade nos hospitais e nas súas casas*
- *“Estamos ante unha situación extraordinaria, que require dunha resposta extraordinaria”, di, asegurando que a Xunta seguirá informando con transparencia da evolución da situación e centrada en “ver o que todos podemos facer xuntos”*